

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16/04/2020, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.**
- 2º.- **Actos edificación e uso do Solo.**
- 3º.- **Asuntos varios.-**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **16/04/2020**, a través de videoconferencia co motivo da **situación actual do COVID-19**, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 5 de Marzo de 2020 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- **Actos edificación e uso do Solo.-**

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística:

A MARÍA BEGOÑA QUINTAS INSUA, veciña de Fisterra para proceder a realización de obras de Rehabilitación dunha Edificación coa finalidade de destinala a Café-Bar, 7 (Referencia Catastral 8706201MH7580N0001RT), debendo axustarse na súa totalidade ó **Proxecto Básico e de Execución**

visado con data 9/10/2019 e documentación complementaria “Anexo I. Proxecto Básico e de Execución de Obras de Adecuación para Apertura de Café-Bar, de data febreiro de 2020 redactados pola Arquitecta Engracia Balayo Caamaño, así como á autorización concedida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia mediante Resolución de data 6/03/2020 que consta no expediente e do que se lle dará traslado á interesada.-

Así mesmo indicar que:

-- O artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que unha vez rematadas as obras presentarase comunicación previa para a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

-- O Decreto 106/2015, di 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia establece no seu artigo 11 que:

“1. As persoas titulares de actividades que se pretendan desenvolver en edificacións deberán dispoñer, con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo anexo. O devandito informe deberá ser presentado ante o concello en que radiquen os locais nos cales se pretenda desenvolver a actividade xunto coa comunicación previa prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ou xunto coa solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva.

2. Este informe incluírá os seguintes aspectos:

a) Illamento entre a actividade e as vivendas lindeiras co local (DnT 100-5000 Hz e DnT 125 Hz) e niveis de recepción interna nas vivendas lindeiras derivadas do funcionamento no local emisor e o tempo de reverberación.

b) Illamento acústico de fachada (D2m,nT 100-5000 Hz).

c) Nivel de ruído de impactos (L'nT 100-5000 Hz).

3. Non será obrigatoria a achega do informe previsto nos puntos anteriores deste artigo no caso de que as persoas titulares das actividades fagan constar expresamente, no momento de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva, que as devanditas actividades producirán un nivel

sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Isto enténdese sen prexuízo dos labores de comprobación que posteriormente efectúe a Administración local.”

En base ao dito con anterioridade presentárase un informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12 do Decreto 106/2015, di 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade ou a presentación dunha declaración do titular da actividade que a actividade producirá un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 Db.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra dispórase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

o EXPEDIENTE: 2019 / U022/000015

o LICENZA URBANISTICA: Xunta de Goberno Local de 16 de Abril de 2020

o ORDENANZA DE APLICACIÓN : Ámbito do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (P.E.P.R.I.) do Casco Histórico.

o PROMOTORA : MARÍA BEGOÑA QUINTAS INSUA

o CONSTRUTOR : -----

o DIRECTOR DE OBRA : Engracia Balayo Caamaño.

o DIRECTOR DE EXECUCIÓN DA OBRA : Basilio Canosa Díaz.

o NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS : as existentes.

o USO : Bar

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

A DOLORES SUÁREZ NEMIÑA, veciña de Fisterra para proceder á realización de obras de Rehabilitación dunha Edificación empra na localidade de residencia coa finalidade de destinala a Almacén de apeiros de Labranza (Referencias Catastrais 15038A502006440000DB, 15038A502012920001FI,15038A502051370000DS,001400900MH75D0001XQ e 001401000MH75D0001RQ), debendo axustarse na súa totalidade ó **Proxecto Básico e de Execución visado con data 31/10/2019 e Anexo ó Proxecto Básico e de Execución presentado con data 3/03/2020 redactados polo Arquitecto Técnico Basilio Canosa Díaz**, así como ás autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Resolución de data 27/03/2020 e do Organismo Autonómico de Augas de Galicia de data 11/02/2020, que constan no expediente e do que se lle dará traslado á interesada; condicionada a que:

- Cumprirase a condición da resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural as obras pretendidas que indica que “as fachadas se pinten na gama das cores brancas e, a carpintaría lacada, sexa branca ou dunha das cores tradicionais do contorno”.
- O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Unha vez rematadas as obras será necesario a presentación do certificado final de obra visado no que conste que as obras están completamente rematadas co fin de acadar a licenza de primeira utilización da edificación.

En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- o EXPEDIENTE : 2019 / U022/000018
- o LICENZA URBANISTICA : Xunta de Goberno Local de 16 de Abril de 2020
- o ORDENANZA DE APLICACIÓN : Solo non urbanizable do núcleo rural (NRT).
- o PROMOTORA : Dolores Suárez Nemiña
- o CONSTRUTOR : -----

o DIRECTOR DE OBRA : Basilio Canosa Díaz.

o NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS : 1

o USOS : Almacén Agrícola.

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

- Visto o informe emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro desta Corporación con data 18/03/2020 en relación coa licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno na sesión do día 26/09/2019 a nome da promotora MARÍA GENOVEVA TOUCEDA INSUA, veciña de Cee,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado por MARÍA GENOVEVA TOUCEDA INSUA, para proceder á Rehabilitación dunha Edificación existente para vivenda unifamiliar, con Referencia Catastral 8709217MH7580N0001ZT; redactado polo Arquitecto Xoán Bautista Alborés Tajés, visado con data 25 de Outubro de 2019 que consta no expediente, ó cal deberá axustarse plenamente, cumprindo con todas as condicións e normas que foron impostas no seu día na licenza urbanística outorgada e resolucións favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.--

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

2) Notificar este acordo á promotora para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

1- Visto o informe emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro desta Corporación con data 2/04/2020 en relación coa licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno con data o 13/02/2020 a nome da promotora VANESA PAMPÍN MARTÍNEZ, veciña de Fisterra,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das

corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado por VANESA PAMPIN MARTÍNEZ, para proceder á Rehabilitación dunha Vivenda Unifamiliar de Planta Baixa e Planta Primeira con Referencia Catastral 15038A006005110000FZ; redactado polo Arquitecto Antonio Martínez Domínguez, visado con data 17 de Marzo de 2020 que consta no expediente, ó cal deberá axustarse plenamente, cumprindo con todas as condicións e normas que foron impostas no seu día na licenza urbanística outorgada.--

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

2) Notificar este acordo á promotora para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA MOURE CANOSA, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada 572 de 9/03/2020) para proceder á realización das obras consistentes na substitución da cuberta por panel sándwich imitación tella nunha construción existente (Referencia Catastral 8610911MH7581S0001HU) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 11 de Marzo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ALFONSO FÁBREGAS RIVAS, veciño de Fisterra, (Rexistro de Entrada 567 de 9/03/2020) para proceder á realización das obras consistentes na substitución da cuberta do anexo existente con tella do país e instalación de nova plaqueta, (Referencia Catastral 8504518MH7580S0001PD) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 11 de Marzo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA DEL PILAR CASTREJE ESTÉVEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 451 de 24/02/2020) para proceder á realización das obras consistentes na reparación de goteiras e pintado da fachada dun inmovible (Referencia Catastral 8607505MH7580N0001LT) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 11 de Marzo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JUAN RAÚL VIGO POMBO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 567 de 9/03/2020) sobre á realización de obras consistentes na colocación de tubarias para recollida de augas pluviais para acceso ás parcelas de 35 cm (Referencia Catastral 15038A502001230000DE).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 11 de Marzo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-
condicionada a:

a.-Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede pública.

b.-Limpeza previa da cuneta existente con retirada da capa vexetal, para posterior apertura de canle necesaria para a instalación das conducións.

c.-Para a instalación do colector dispoñeráse dun tubo de diámetro mínimo interior 400mm, sobre cama de regularización de 5cm de area, previa compactación do leito soporte por medios mecánicos específicos tipo compactador de placa, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%.

d.-Execución de 2 rexistros conformados con reixas practicables de fundición clase resistente mínima C-250, un no punto final no entroke co colector existente baixo a calzada, e o outro nunha situación intermedia entre este e o tubo existente na parcela 124.

e.-Protección superior do conxunto con capa de formigón HM-20/P/20/IIA de 15cm e ancho 1 metro.

f.-A rasante do conxunto canalización + pavimento de protección será adecuada co vial existente, quedando enrasada con este, sen formación de resaltes nin socavóns.

g.-Respetaranse en todo caso, os 4 metros do eixe establecido como máximo nas aliñacións municipais establecidas.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de CARMEN ISABEL TRABA CANOSA, veciña de A Coruña, (Rexistro de Entrada 3095 de 4/12/2019) para proceder á realización das obras consistentes na remodelación dunha vivenda con demolición de rampa e escaleiras de acceso, colocación de tubarias e canaletas de recollida de augas pluviais con cementado de beirarrúa de entrada (Referencia Catastral 001401600MH75D0001SQ), debendo axustarse ás condicións impostas na Resolución ditada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 27/03/2020 que consta no expediente e do que se lle dará traslado á interesada .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 11 de Marzo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JUAN MARCOTE DÍAZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 599 de 12/03/2020) para proceder á realización de obras consistentes na

construción dun peche de formigón de 1,50 metros de altura así como acondicionamento exterior para encauzar augas pluviais (Referencia Catastral 001303900MH75D0001XQ) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 17 de Marzo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, condicionada a:**

-- Antes do inicio das obras deberá solicitarse polo interesado na área de urbanismo do Concello que se fixe sobre a parcela a alienación e o retranqueo da columna solicitada con respecto ao vial público mediante a formalización da oportuna Acta de Reformulo.-

-- O peche autorizado deberá encalarse, enlucirse ou pintarse nun tono que favoreza a integración do contorno inmediato.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **BRAIS PICHEL DÍAZ**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 251 de 29/01/2020) **para proceder á realización de obras consistentes na adecuación dun local existente para apertura de restaurante de dous garfos (Referencia Catastral 8704301MH7580S0001ZD)**, debendo axustarse ó Proxecto Técnico visado con data xaneiro de 2020 e redactado pola Arquitecta Técnica María del Mar Fernández Blanco que consta no expediente .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 2 de Abril de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; indicar que unha vez rematadas as obras:**

-- Será necesario, para o inicio da actividade, presentarse comunicación previa para a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación

previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Mil cento setenta e dous euros con vinte e sete céntimos (1.172,27 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á conexión a Rede de Baixa Tensión (RBT) mediante canalización subterránea de 27 metros co motivo de dar subministro a una vivenda emprazada na localidade de Vigo, 36 deste Termo Municipal de Fisterra (Referencia Catastral 000900900MH75D0001SQ) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pedro Tizón Barro e condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia mediante Resolución de data 21/01/2020 que constan no expediente.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 11 de Marzo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das corporacións locais; condicionada a:

-- Unha vez rematadas as obras, repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais para o cal presentárase en concepto de garantía provisional a favor do Concello de Fisterra, a cantidade de Trescentos euros (300,00 €) en metálico ou aval bancario, garantizando así a reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Catro euros con setenta e un céntimos (4,71 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Trinta e catro euros con cincuenta e un céntimos (34,51 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder

á conexión a Rede de Baixa Tensión (RBT) mediante canalización subterránea de 81 metros co motivo de dar subministro a unha vivenda sita no Camiño da Insua deste Termo Municipal de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pablo López Alonso e condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en resolución de data 6/03/2020 que constan no expediente.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 11 de Marzo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; e condicionada a:

-- Unha vez rematadas as obras, repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais para o cal presentárase en concepto de garantía provisional a favor do Concello de Fisterra, a cantidade de Tres mil novecentos euros (3.900,00 €) en metálico ou aval bancario, garantizando así a reposición da urbanización afectada. .

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Trinta e un euros con seis céntimos (31,06 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Douscentos vinte e sete euros con setenta e sete céntimos (227,77 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á conexión a RBT para subministro de rede de baixa tensión subterránea con total canalización proxectada de 8 metros con destino a unha edificación de dúas vivendas emprazadas na Rúa do Carme desta Vila de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pablo López Alonso e condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en resolucións de datas 13/03/2020 e 27/03/2020 que constan no expediente.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 15 de Abril de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; e condicionada a:

-- Informar do día do comezo das obras mediante escrito polo Rexistro Xeral de Entrada do Concello.

-- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos, retirados en colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

-- Unha vez rematadas as obras, repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais para o cal presentárase en concepto de garantía provisional a favor do Concello de Fisterra, a cantidade de Trescentos euros (300 €) en metálico ou aval bancario, garantizando así a reposición da urbanización afectada.-

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Un euros con oitenta e seis céntimos (1,86 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Trece euros con setenta e cinco céntimos (13,65 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de BASILIO RUIBO BUITURÓN, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 541 de 5/03/2020) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da instalación do servizo de auga potable conectando coa rede de abastecemento municipal que pasa pola zona con destino a unha vivenda (Referencia Catastral 15038A502011870000DI),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Marzo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

a.-Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b.-A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32 mm (1”) en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadradillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c.-Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d.- Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e.-O interesado comunicarase coa empresa do servizo de abastecemento de auga, para que por esta se efectúe a correspondente conexión á rede pública e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f.- A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

En caso de que con motivo das obras solicitadas se requirise a afectación do espazo público, presentarase unha nova comunicación previa onde se detalle a entidade da obra a realizar e se poda avaliar correctamente as súas posibles afeccións.

B) Visto o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación con data 11/03/2020, a Xunta do Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda proceder a Devolución da fianza por importe Setenta e dous euros con doce céntimos (72,12 €) imposta no seu día por parte de CONSTRUCCIONES ROSTRO, S.C. con CIF J-70013412 e domicilio social na Rúa San Xoán, 28 da localidade de Sardiñeiro de Abaixo deste Termo Municipal de

Fisterra, como consecuencia da Licenza urbanística concedida no seu día para apertura de gabia con motivo da realización das obras para a instalación de tubaría de auga con destino á vivenda en construción do promotor Lucas Karim Razgallah emprazada na localidade de Padrís.-

3º.- Asuntos varios.-

Ningún

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.